

Código do documento	Código do expediente
USG15I025Q	USG/2021/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
470Z 3A4Y 2T19 1T4B 0GXL	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E SETE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E UN

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e dous minutos do día vinte e sete de maio de dous mil vinte e un, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VEEA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asiste á sesión a Sra. concelleira do grupo político PSdeG-PSOE dona Susana Amor Fernández.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro, e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I025Q	USG/2021/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
470Z 3A4Y 2T19 1T4B 0GXL	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE DATAS 25.03.2021 e 05.05.2021.

De conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP Nº 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións ordinaria celebrada en data vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e un e extraordinaria de data cinco de maio de dous mil vinte e un, das que se remitiu copia coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas das sesións ordinaria de data vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e un e extraordinaria de data cinco de maio de dous mil vinte e un, sendo aprobadas por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas das sesións ordinaria de data vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e un e cinco de maio de dous mil vinte e un.

2.- PROPOSTA SOBRE APROBACIÓN DA SOLICITUDE DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O FINANCIAMENTO DO MANTENIMENTO XERAL E RESERVA DE PRAZAS NO CENTRO OCUPACIONAL “A ESCADA” PARA O ANO 2021.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Política Social e Promoción do Deporte, de data 11 de maio de 2021, (código de documento UBS15I017E), ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Política Social, Promoción do Deporte, Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo na sesión extraordinaria de data 24 de maio de 2021, que transcrita di:

“Proposta da concelleira delegada de política social e promoción do deporte para a aprobación da solicitude dunha subvención nominativa para o financiamento do mantemento xeral e reserva de prazas no Centro Ocupacional “A Escada” para o ano 2021.

O Concello de Culleredo ten en funcionamento desde o ano 1991, en xestión directa, un Centro ocupacional de titularidade municipal para persoas adultas con diversidade funcional intelectual denominado “A Escada”.

O Centro Ocupacional “A Escada” tenta de dar opcións de carácter formativo e prelaboral, aos mozos e mozas que pasan por él. Nos últimos anos o perfil de xoves inscritos no Centro é, a maioría das veces, dunha discapacidade intelectual media, polo que as alternativas laborais pasan por unha actividade máis ben protexida que contemple habelencias laborais, de terapia ocupacional e de axuste persoal, xa que aqueles rapaces e rapazas con maior capacidade oriéntanse ao emprego ordinario, ou a empresas protexidas (Centros Especiais de Emprego) a través do SAIS (Servizo de Acompañamento á Inserción Socio-laboral) do concello, e do Gabinete de inserción socio-laboral do Consorcio “As Mariñas” do que Culleredo forma parte.

Doutra banda, no centro “A Escada” foméntanse actividades convivenciais que favorecen a socialización das persoas con discapacidade intelectual, a participación das súas familias nestes procesos, e de todos eles no seu medio.

En definitiva, seguindo as últimas tendencias en materia de integración sociolaboral das persoas con este tipo de discapacidade, o centro ocupacional concíbese como un observatorio das capacidades para o emprego e, a través da habilitación profesional, serve de plataforma para a posterior integración laboral da persoa con diversidade funcional intelectual a través do *emprego con apoio* nunha empresa ordinaria. Dada a crise económica que arrastra o país, faise moi difícil na actualidade esta inserción laboral, ou nun *centro especial de emprego (C.E.E.)*. Así que mentres este obxectivo non se acade, “A Escada” actúa como un espazo simulador dun auténtico centro de traballo

Código do documento	Código do expediente
USG15I025Q	USG/2021/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
470Z 3A4Y 2T19 1T4B 0GXL	

e formación, no que as persoas medran en autoestima e acadan habelencias persoais e sociais. A venda de produtos artesanais elaborados no Centro, contribúe a reforzar o rol de persoa “traballadora” para os seus usuarios.

Sendo como é un dos únicos cinco centros públicos desta tipoloxía rexistrados na comunidade autónoma galega, desde os inicios, o concello mantivo vocación de servizo á cidadanía polo que fai moitos anos que “A Escada” ten usuarios e usuarias dos concellos limítrofes, que dado que non están empadroados neste concello teñen que aboar uns prezos públicos que Culleredo non pode subvencionar por non tratarse de veciños e veciñas do concello, e que resulta un custo moi elevado para as familias que, aínda así, fan ese esforzo económico valorando a calidade do servizo que se lles está a prestar. Neste intre están acudindo ao centro 18 persoas, 14 de Culleredo e 4 persoas dos concellos limítrofes: 3 de Cambre e 1 da Coruña.

Así pois, considerando qu non existe actualmente ningunha liña pública de subvención específica para este tipo de Centros, nin existe ningún outro Centro público de similares características en toda a área metropolitana.

Tendo en conta que a única aportación económica que recibe o concello neste momento para manter “A Escada” e a través da recadación de prezos públicos procedentes das persoas usuarias, e da pequena venda de produtos elaborados por eles mesmos, que durante o ano 2020 e o 2021 debido á pandemia non foi posible esta elaboración nin venda, o concello está asumindo a práctica totalidade dos gastos de persoal e mantemento do Centro para garantir o dereito cidadán de igualdade de oportunidades de formación, de integración social e de acceso ao emprego.

C.I.F. P-1503100-H

A Deputación Provincial da Coruña, a través dun anuncio telemático na plataforma de xestión de subvencións SUBTEL, ten aberto o procedemento de tramitación con número de expediente: 202100000606: CNV-C-ACT: Mantemento xeral e reserva de prazas no centro ocupacional “A Escada” no ano 2021, co fin de proceder dende o Concello de Culleredo a aportar a documentación necesaria que acompañe á solicitude para a formalización dun Convenio de cofinanciación para ese Centro.

Co fin de iniciar o trámite deste procedemento, a partires do informe emitido pola xefa de sección de atención especializada de data 23 de marzo de 2021, e en uso das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, a concelleira delegada de política social e promoción do deporte emitiu unha resolución o 23 de marzo de 2021, co intervido e conforme da intervención xeral municipal, acordando solicitar a formalización do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo, para o financiamento do mantemento xeral e reserva de prazas no centro ocupacional “A Escada” para o ano 2021, por un importe total de 70.000 euros, así como aprobar a memoria de actividades a desenvolver no Centro Ocupacional “A Escada” durante o ano 2021 co Código do documento UBS15I00NG, así como o orzamento total de gasto que ascende a 144.228,35 euros, co Código do documento UBS15I00MX.

Tendo en conta as consideracións e o informe que se citan,

Propónse ao Pleno Municipal, a aprobación do seguinte acordo:

Aprobar a solicitude para a formalización dun Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo que se fundamenta nun interese público provincial, co fin de financiar o mantemento xeral e a reserva de prazas no centro ocupacional “A Escada” durante o ano 2021, por un importe total de 70.000 euros, que acada un coeficiente de cofinanciación do 48,53 %.”

Aberto o turno de intervencións solicita o uso da palabra a Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta.

Código do documento	Código do expediente
USG15I025Q	USG/2021/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
470Z 3A4Y 2T19 1T4B 0GXL	

Non producíndose máis intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada de Política Social e Promoción do Deporte, de data 11 de maio de 2021 (código de documento UBS15I017E), resultando aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG RELATIVA AO PORTO DA CORUÑA.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do BNG de data 24 de maio de 2021, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“Don Gonzalo Méndez Mosqueira, na súa cualidade de Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego na Corporación do Concello de Culleredo, de acordo coa lexislación en vigor e en nome do Grupo Municipal do BNG de Culleredo, presenta para o seu debate polo Pleno a seguinte

MOCIÓN

C.I.F. P-1503100-H

Máis de cincuenta entidades da área metropolitana da Coruña teñen convocada unha manifestación que percorrerá as rúas da Coruña o 30 de maio en defensa do porto da Coruña para reclamar o mantemento da titularidade e xestión pública dos terreos portuarios na súa ordenación urbanística, contra a privatización dos espazos portuarios, o mantemento dos seus usos produtivos e da economía do mar e o impulso da innovación e da integración portuocidade.

Ademais do posicionamento claro sobre a condonación da débeda da Autoridade Portuaria pola construción do Porto Exterior, e o compromiso de que se vai executar a conexión ferroviaria a Punta Langosteira.

O Pleno da Corporación Municipal debe tomar unha posición firme en defensa dos nosos intereses porque o Porto é clave para o desenvolvemento económico e social e na creación de emprego de todos os concellos da área metropolitana da Coruña.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación para o seu debate e, se procede, aprobación dos seguintes

ACORDOS

1. Instar ao Goberno do Estado á condonación total da débeda da Autoridade Portuaria da Coruña con Portos do Estado para a construción do porto exterior de Punta Langosteira, ou establecer unha axuda económica equivalente, tomando as medidas normativas necesarias e a inclusión das partidas correspondentes nos Orzamentos Xerais do Estado.

2. Instar ao Goberno do Estado á execución do acceso ferroviario do porto exterior de Punta Langosteira, licitando e adjudicando a obra neste ano 2021, co compromiso firme do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axencia Urbana para a súa inclusión nos fondos europeos ou, no seu defecto, asegurar os recursos dos orzamentos do Estado para a súa execución.

Código do documento	Código do expediente
USG15I025Q	USG/2021/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
470Z 3A4Y 2T19 1T4B 0GXL	

3. Instar ao Goberno Municipal á defensa dos seguintes criterios na transformación do porto interior: protección da fachada histórica como patrimonio público, aumento do espazo libre público e equipamentos públicos en ámbitos infradotados, políticas de adaptación e mitigación do cambio climático, aposta pola infraestrutura verde e a mellora da mobilidade viaria, ciclista, ferroviaria e peonil, así como a potenciación de usos portuarios, produtivos e complementarios relacionados coas economías do mar e orientado á integración porto-cidade.

4. Instar ao Goberno Municipal a apoiar a manifestación do 30 de maio de 2021, convocada por entidades de toda a área metropolitana, baixo o lema “En defensa do porto” publicando un Bando, colaborando na súa difusión, poñendo os medios para facilitar a participación na mesma e proporcionando as axudas necesarias para o éxito da mesma.”

Aberta a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, di que o grupo socialista comparte o interese que ten o grupo político do BNG pola importancia do Porto para o desenvolvemento económico e social na provincia da Coruña pero como Goberno municipal vense tamén na obriga de actuar con responsabilidade na defensa do Porto da Coruña e dese interese unánime que suscita; di que o seu grupo entende que hai que presentar una emenda que foi xa presentada no Concello da Coruña no pleno do mes de abril e foi subscrita e apoiada por todos os grupos políticos; di que agora, un mes despois, tráense ao pleno uns acordos que dalgún xeito non se corresponden co acordo completo ao que se chegou no pleno do mes de abril no Concello da Coruña e por iso o grupo socialista considera que se debe emendar a moción que se presenta neste punto e traer novamente os acordos que se aprobaron por toda a Corporación da Coruña polo que o que o grupo político do PSdeG-PSOE propón é que se emende a moción presentada substituindo as propostas de acordo da moción que se presenta polas seguintes:

1.- Instar ao Goberno do Estado a condonar, ou conceder axuda equivalente, o préstamo concedido por Portos do Estado á Autoridade Portuaria da Coruña para a construción do porto exterior de Punta Langosteira, acordando para isto as medidas normativas e orzamentarias que correspondan para o exercicio 2021.

2.- Instar ao Ministerio de de Fomento e Portos do Estado a impulsar e financiar a execución da conexión ferroviaria do porto exterior de Punta Langosteira e, a tal efecto, demandar a correspondente inclusión no orzamento correspondente e suficiente, tanto no Plan de Investimentos de Portos do Estado como nos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021. Do mesmo xeito, instar ao conxunto das administracións competentes a incrementar os esforzos na súa plena operatividade, conectividade e promoción internacionais do porto exterior.

3.- Instar á Autoridade Portuaria da Coruña, a Portos do Estado, ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia, así como ao ADIF, a construír, xunto co Concello da Coruña, un consorcio ou ente público como forma de participación e xestión dun novo horizonte litoral, no que o Concello da Coruña teña garantida a participación suficiente para a súa execución.

4.- Instar á Xunta de Galicia, ao Ministerio de Fomento e ao Concello da Coruña a buscar un espazo de traballo conxunto para a reordenación dos terreos portuarios, que teña por obxecto a revisión dos convenios de 2004, e con ela a do PXOM do 2013, sobre o fundamento e a definición dun novo horizonte litoral e portuario para a cidade baseado nos seguintes principios reitores básicos: titularidade pública dos terreos, equipamentos dotacionais e espazos libres públicos e usos produtivos portuarios e complementarios vencellados á economía do mar.

5.- Instar ao Goberno municipal do Concello da Coruña a abordar o deseño dos usos dos peiraos interiores da Coruña de xeito transparente e participativo, nun proceso integrador e que facilite a implicación da cidadanía no futuro da cidade: entidades veciñais, axentes sociais e económicos, sectores produtivos, en especial os relacionados coas economías do mar e a innovación, partidos políticos, etc.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I025Q	USG/2021/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 470Z 3A4Y 2T19 1T4B 0GXL	

6.- Definir os criterios xerais de reordenación dos terreos portuarios tendo en conta a súa dimensión metropolitana e as necesidades actuais da cidade:

- Recuperar as relacións da cidade co mar na fronte portuaria.
- Contribuír a que o porto da Coruña sexa competitivo, impulsando o desenvolvemento de actividades produtivas competitivas e sostibles nos actuais espazos portuarios.
- Resolver os problemas de mobilidade, de espazos públicos e de dotacións nos barrios da contorna.
- Servir de elemento impulsor da recuperación do bordo litoral a escala urbana e metropolitana, protexendo a fachada histórica e o patrimonio público da cidade.
- A sustentabilidade ambiental de todas ás intervencións dos espazos portuarios desafectados atendendo ás estratexias urbanas de loita contra a emerxencia climática.
- A sustentabilidade social nas actividades que se localice nos terreos portuarios desafectados.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a voceira do grupo socialista comentou na súa intervención que a emenda que se presenta foi o acordo ao que se chegou no Concello da Coruña e que foi refrendado por todos os grupos pero que a situación non é exactamente esa porque o Concello da Coruña funciona de forma totalmente distinta ao de Culleredo e o que alí aconteceu foi que se presentou unha emenda practicamente á totalidade da proposta, como está a suceder agora neste punto; di que o que sucede no Concello de Culleredo coas emendas é que o grupo propoñente ten que decidir se a acepta ou non e, caso de aceptala, inclúese na proposta e vótase con ela e, de non aceptarse, vótase a proposta tal como se presenta no inicio e o que sucedeu no Concello da Coruña foi que se votou o acordo proposto como alternativa e foi refrendado polo partido socialista e polo partido popular; di que o grupo socialista trae neste punto un texto alternativo completo e como ben dixo a voceira socialista xa coñecían a situación dende hai tempo, polo que engade que tiveron tempo de traer ao pleno a súa propia proposta e sometela a votación; di que de todas formas o grupo político do BNG vai aceptar as emendas propostas polo grupo socialista porque a Culleredo vaille bastante neste tema e quere resaltar a cuestión da que xa se falou do acceso por tren ao Porto da Coruña porque cada día menos xente é consciente de que existen vías de tren que chegan case ata o Parrote, case ata a Dársena da Coruña a través do Porto Interior permitíndolle por exemplo á xente que vive no Burgo ou en Fonteculler chegar en poucos minutos ao centro da cidade da Coruña o que sería beneficioso para todos; que tal como dixo están dispostos a aceptar as emendas porque tampouco son tantas cousas as que separan ao BNG do grupo socialista neste punto e considera que os puntos 1, 2 e 3 do que se propón non engaden nada ao xa proposto e coinciden exactamente co recollido nos puntos 1, 2 e 3 da moción que presenta o BNG, entendendo que sería unha achega á proposta estimar o punto 4 porque supón adiantar un esbozo de como se artellaría a cuestión xa que se propón instar á Xunta de Galicia e ao Concello da Coruña a buscar un espazo de traballo conxunto para a reordenación dos traballos portuarios, etc., correspondendo o punto 5 da emenda reitera o que xa se desprendía do que o BNG sempre establece como base de acción instando ao goberno municipal da Coruña a abordar o deseño dos usos dos peiraos interiores da Coruña de xeito transparente e participativo, nun proceso integrador e que facilite a implicación da cidadanía no futuro da cidade: entidades veciñais, axentes sociais e económicos, sectores produtivos, en especial os relacionados coas economías do mar e a innovación, partidos políticos, etc, polo que están totalmente de acordo en explicitalo; di que o punto número 6 da emenda xa está comentado no punto número 3 da moción do BNG pero o grupo socialista guionízao polo que aclara que o grupo político do BNG está disposto a engadir os puntos 5 e 6 aos seus puntos cos textos dos puntos 4 e 5 da emenda proposta.

Código do documento	Código do expediente
USG15I025Q	USG/2021/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
470Z 3A4Y 2T19 1T4B 0GXL	

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que desde o grupo socialista teñen claro cal é a finalidade da emenda que se presenta tratando de buscar ese consenso maioritario que houbo no Concello da Coruña e que, en calquera caso, todavía queda moito do que falar en relación co Porto da Coruña porque nos vindeiros meses seguramente se solicitarán achegas dos concellos da área metropolitana, existindo neste momento bastante consenso na comisión permanente formada por representantes da Xunta de Galicia, da Deputación, Fomento, ADIF, etc, estando todavía na fase inicial de ver como se enfoca todo o tema de cesións e outros polo que podería ser precipitado ir marcando xa unha pauta sen agardar a ver que liña toma a cidade da Coruña e despois ver se atende ben aos intereses da área metropolitana porque si é certo que o Porto da Coruña, tanto exterior como o que é o propio interior do Porto, pode afectar economicamente á toda a área; di que a súa emenda era á totalidade polo que non van aceptar a proposta do BNG.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que quere facer un pequeno comentario sobre o que dixo o Sr. alcalde en relación a que o que propón o BNG lle parece precipitado e di que non entende que llo pareza cando este acordo aprobouse no Concello da Coruña no mes de abril e que está ben que se aproben iniciativas políticas e que se refrende a mobilización prevista para esta fin de semana á que están convocadas máis de 30 asociacións de toda a comarca e que merecen o apoio da Corporación de Culleredo e que se invite a todos a participar considerando que o texto que presenta o seu grupo non debería ter ningún problema para ser aprobado polo que solicita se reconsidere o voto do grupo socialista.

De seguido fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que tan respetable é a opinión do voceiro do grupo político do BNG como a de calquera outro grupo.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG, de data 24 de maio de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: once (11), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Seijas González.

Abstencións: tres (3) dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a moción.

4.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellarías delegadas, que comprenden un total de 117 resolucións numeradas da 654 á 870 do ano 2021, que se relacionan deseguido:

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I025Q	USG/2021/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 470Z 3A4Y 2T19 1T4B 0GXL	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-05-2021
654	21/04/2021	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal para subministro eléctrico RBTS para naves situadas no Parque Empresarial de Alvedro, parcelas A-14/ A-22/ C-11/ C-22, parroquia de Almeiras.	
655	21/04/2021	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal para execución de calicata en vía pública por avaría na Av. Fonteculler, parroquia de Rutis.	
656	21/04/2021	Concesión a G.A.C.S. dunha axuda económica para o pago de auga e de recibos de luz correspondentes a meses dos anos 2020 e 2021.	
657	21/04/2021	Concesión a M.A.R.M. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 160€, pago do recibo de auga por importe de 268,74€ e para pago de recibo de electricidade por importe de 206,57€.	
658	21/04/2021	Concesión a A.G.R. dunha axuda económica para o pago de recibos de electricidade e de auga correspondentes a facturas dos anos 2020 e 2021 e Bono de alimentos tipo A durante tres meses.	
659	21/04/2021	Concesión a L.R.M. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129,80€.	
660	21/04/2021	Concesión a A.J.L.S. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€.	
661	21/04/2021	Concesión a G.M.C. do Bono de alimentos tipo A, bono de hixiene tipo A durante seis meses de 2021.	
662	21/04/2021	Concesión a R.O. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129,80€.	
663	21/04/2021	Denegación a A.M.F.J. das axudas para abono do recibo de hipoteca, electricidade, gas e bono de alimentos.	
664	21/04/2021	Concesión a M.J.S.T. dunha axuda económica para o pago do recibo de electricidade e de gas correspondente ao ano 2021, bono de alimentos tipo B e bono de hixiene tipo A durante seis meses.	
665	21/04/2021	Concesión a C.J.C. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€.	
666	21/04/2021	Concesión a D.M.S.P. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1125€.	
667	21/04/2021	Aceptación da baixa da solicitude do servizo de Axuda no fogar por dependencia formulada por A.C.O.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-05-2021
668	21/04/2021	Concesión a M.B.S.G. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
669	21/04/2021	Concesión a J.D.R.M. da renovación da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
670	21/04/2021	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0094 contra R.C.C.	
671	21/04/2021	Levantamento reparo UIT15100CY Intervención xeral, avocación competencia continuar tramitación expediente e concesión membros Policía Local gratificación servizos extraordinarios realizados fora xornada traballo. Consta nota informativa Secretaría 29/2021	
672	21/04/2021	Delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D. ^a María Guadalupe Pombo Carril, o día 22 de abril desde as 12.00 horas e o día 23 de abril de 2021.	
673	21/04/2021	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expte. 4168/2021 e máis.	
674	22/04/2021	Orde anotación Rexistro municipal de subvencións das resolucións relativas á concesión de subvencións ou axudas durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de marzo de 2021, ambos os dous incluídos.	
675	22/04/2021	Baixa no Servizo de Teleasistencia domiciliar de J.A.R.	
676	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza e roza parcela referencia catastral 15031A00900139 e concesión 15 días naturais a J.P.G. para acometida xestión biomasa.	
677	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza, roza e desinfección parcela 6720904NH4962S e concesión 15 días naturais a A.B.M.C. para acometida xestión biomasa.	
678	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza, roza e desinfección parcela 6720904NH4962S e concesión 15 días naturais a E.B.V. para acometida xestión biomasa.	
679	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza, roza e desinfección parcela 6720904NH4962S e concesión 15 días naturais a J.G.C. para acometida xestión biomasa.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-05-2021
680	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza e poda parcela 15031A06100321 e concesión 15 días naturais a L.Q.A. para acometida xestión biomasa.	
681	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza e poda parcela 15031A06100322 e concesión 15 días naturais a M.C.R.B. para acometida xestión biomasa.	
682	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza e tala parcela 15031A06100324 e concesión 15 días naturais a M.G.P. para acometida xestión biomasa.	
683	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza e tala parcela 15031A06100357 e concesión 15 días naturais a R.R.P. para acometida xestión biomasa.	
684	22/04/2021	Inicio expte. orde execución restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza, roza e eliminación especies invasoras parcela 1361216NH5916S e concesión 15 días CONSTRUCCIONES REFORMAS Y SONDEOS SL xestión biomasa.	
685	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza e roza parcela 6720905NH4962S e concesión 15 días naturais a F.J.F.S. para acometida xestión biomasa.	
686	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza e roza parcela 6720905NH4962S e concesión 15 días naturais a M.S.A. para acometida xestión biomasa.	
687	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza e roza parcela 6720914NH4962S e concesión 15 días naturais a M.F.V. para acometida xestión biomasa.	
688	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza e roza parcela 672097NH4961N e 6720914NH4962S e concesión 15 días naturais a I.V.D. para acometida xestión biomasa.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-05-2021
689	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza e roza parcela 6720907NH4961N e 6720914NH4962S e concesión 15 días naturais a M.F.V. para acometida xestión biomasa.	
690	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza e roza parcela 6720907NH4961N e concesión 15 días naturais a M.R.B. para acometida xestión biomasa.	
691	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza e roza parcela 6720907NH4961N e concesión 15 días naturais a E.M.M. para acometida xestión biomasa.	
692	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza e roza parcela 6720907NH4961N e 6720914NH4962S e concesión 15 días naturais a J.A.F.B. para acometida xestión biomasa.	
693	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza e roza parcela 6720907NH4961N e 6720914NH4962S e concesión 15 días naturais a M.E.V.V. para acometida xestión biomasa.	
694	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza e roza parcela 6720908NH4961N e concesión 15 días naturais a A.R.L. para acometida xestión biomasa.	
695	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza e roza parcela 6720914NH4962S e concesión 15 días naturais a REY MALLO SC para acometida xestión biomasa.	
696	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza e roza parcela 6720915NH4962S e concesión 15 días naturais a M.G.S. para acometida xestión biomasa.	
697	22/04/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza e roza parcela 6720915NH4962S e concesión 15 días naturais a F.J.C.S. para acometida xestión biomasa.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-05-2021
698	22/04/2021	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para substitución de apoio para adecuar a rede para instalación de fibra óptica no lugar de Fornos, parroquia de Sueiro.	
699	22/04/2021	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para subministro eléctrico RBTS para vivenda unifamiliar situada no Lugar de Peiro de Arriba, parroquia de Celas.	
700	22/04/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/58, por un importe total de 991,37€.	
701	22/04/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/59, por un importe total de 1.897,50€.	
702	22/04/2021	Aprobación da devolución da fianza constituída por FUNDACIÓN SIEL BLEU por importe de 652,30€ en concepto de garantía definitiva do contrato: Actividades modulares de bienestar social 2018-2019.	
703	22/04/2021	Aprobación liquidación alta Padrón fiscal polo concepto taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública (modalidade reserva con horario laboral), ano 2021, contribuínte: A.G.L.R. Ubicación: Rúa José Ramallo.	
704	22/04/2021	Recoñecemento de obrigas e ordenación do pago da factura operación 220210002886, por un importe total de 1.689,99€.	
705	22/04/2021	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Voceiros do día 23-04-2021.	
706	23/04/2021	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para provisión de servizo RMTS e CS nunha nave situada no Parque Empresarial de Alvedro, parroquia de Almeiras.	
707	23/04/2021	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 163 a G.C.R.	
708	23/04/2021	Inicio expediente orde execución restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza, roza e desinfección parcela 15031A04900203 e concesión 15 días naturais UNIÓN DE CRÉDITOS INMOBILIARIOS SA acometida xestión biomasa	
709	23/04/2021	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 162 a J.A.R.C.	

Código do documento	Código do expediente
USG15I025Q	USG/2021/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 470Z 3A4Y 2T19 1T4B 0GXL	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-05-2021
710	23/04/2021	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para subministro eléctrico RBTS para vivenda unifamiliar situada no lugar de Souto, parroquia de Orro.	
711	23/04/2021	Concesión a M.M.S.R. e A.V.F. da licenza municipal de obras para a rehabilitación dunha vivenda situada no lugar de Donepedre, parroquia de Castelo.	
712	23/04/2021	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expte. 19208/2020 .	
713	23/04/2021	Aprobación das asignacións que corresponden aos concelleiros/as da Corporación pola súa asistencia a sesións de Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xuntas de Voceiros durante o mes de novembro de 2020. Consta dilixencia secretaria.	
714	26/04/2021	Denegación da solicitude dunha bonificación para o ano 2021 sobre o consumo non incluído na cota de dispoñibilidade na taxa por distribución de auga a M.F.R., no domicilio situado na Av. Corveira.	
 - D^a. María Guadalupe Pombo Carril
 - D. Juan Carlos Iglesias Lovelle

- COMISIÓN INFORMATIVA DE POLÍTICA SOCIAL, PROMOCIÓN DO DEPORTE, DESENVOLVEMENTO LOCAL, CULTURA, FESTAS E TURISMO:
 - D^a. María Guadalupe Pombo Carril (delegación Presidencia proposta en sesión de data 15/07/2019 – Resolución número 1079, de data 16/07/2019)
 - D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
 - D. Miguel Suárez García
 - D^a. María Penélope López Díaz

Suplentes:

 - D. Mario Alfonso Iglesias Gómez
 - D. Abraham Seijas González

- COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, PATRIMONIO, ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, URBANISMO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ, EDUCACIÓN E MEDIO RURAL:
 - D^a. Marta María Iglesias Becerra (delegación Presidencia proposta en sesión de data 15/07/2019 – Resolución número 1079, de data 16/07/2019)
 - D^a. Jessica Méndez Sánchez
 - D^a. Susana Amor Fernández
 - D. Mario Alfonso Iglesias Gómez

Suplentes:

 - D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
 - D. Abraham Seijas González

C.I.F. P-1503100-H

9.- MOCIÓNS URXENTES

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación da presentación neste punto de dúas mocións para ser tratadas como urxentes e aclara que, independentemente de que cada grupo xustifique a urxencia das mesmas, xa se acordou que salvo que non fora posible traelas polo cauce normal por cumprimento de datas ou outro motivo similar, non se presentarían mocións neste punto da orde do día polo que anuncia que o voto do grupo socialista será en contra porque poden ser debatidas perfectamente no vindeiro pleno.

Código do documento	Código do expediente
USG15I025Q	USG/2021/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
470Z 3A4Y 2T19 1T4B 0GXL	

A continuación o Sr. alcalde-presidente di que as mocions que se presentan son unha do grupo político do BNG e outra de Alternativa dos Veciños e lle cede a palabra en primeiro lugar ao voceiro do grupo político do BNG para que xustifique a urxencia da súa presentación neste punto.

A continuación fai uso da palabra concedida o Sr. Chouciño Garrido e di que o equipo de goberno puido ver a xustificación no documento que o seu grupo presentou no rexistro de Entrada e engade que a moción pretendía debatir sobre as cuestións que sucederon nos últimos días respecto do Consorcio das Mariñas e que a urxencia vén motivada porque o grupo político do BNG pretendía ter información nas comisións informativas ordinarias do pasado xoves e non se celebraron por falta de convocatoria, e amosa a preocupación do seu grupo pola falta de convocatoria das comisións ordinarias, non obtendo tampouco información na xunta de voceiros ordinaria prevista para o vindeiro venres porque non se celebrou, celebrándose o luns seguinte coa asistencia da Sra. Alcaldesa en funcións por ausencia do alcalde titular e sen que se dera conta de informe ningún no punto de "Informe da Alcaldía"; di que púxose moito de actualidade o tema do Consorcio polo calado que ten e que non vai entrar aquí en detalle porque o que se está a tratar é valorar a urxencia da presentación neste punto e o que tenta o grupo do BNG coa moción que presenta é tomar unha iniciativa política para cambiar o rumbo e a deriva que está tomando a desaparición de servizos mancomunados; di que dado que o grupo socialista anuncia o seu voto en contra e tendo en conta que conta con maioría absoluta polo que está claro que a urxencia non vai ser aprobada, solicita que se convoque un pleno extraordinario para falar do que sucede no Consorcio das Mariñas e que sucede cos anuncios de que Culleredo marcha dese Consorcio e dos que se teñen que enterar pola prensa; que o pleno é un órgano democrático, un órgano escollido polos cidadáns, polo que solicita que se estime a declaración de urxencia ou, como alternativa, que se convoque un pleno extraordinario para o seu debate.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que en cando se adopten decisións oficiais acerca de cando e como vai ser a saída do Concello de Culleredo do Consorcio das Mariñas dará a información pertinente pero di que neste momento se atopan os técnicos municipais tratando de articular como vai ser o sistema de saída do Concello de Culleredo.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a declaración de urxencia do debate e votación da moción presentada polo BNG en data 26/05/2021 (rexistro de entrada 2021/6151) relativa ao proceso de descomposición do actual Consorcio das Mariñas co obxecto de asegurar a prestación futura dos actuais servizos municipais consorciados, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: once (11), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Seijas González.

Abstencións: tres (3) dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a urxencia da moción.

A continuación o Sr. alcalde-presidente lle cede a palabra ao grupo político Alternativa dos Veciños para que xustifique a urxencia da presentación da súa moción.

De seguido fai uso da palabra concedida o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana, e di que o seu grupo quere presentar a moción de solicitude de paralización do proxecto de ampliación do aeroporto de Alvedro pola importancia que este tema ten para Culleredo por ser unha das zonas principalmente afectadas e porque xa se leva tempo con esta cuestión e ao seu grupo lle gustaría debatir este punto neste pleno.

Código do documento	Código do expediente
USG15I025Q	USG/2021/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
470Z 3A4Y 2T19 1T4B 0GXL	

Seguidamente fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e recorda unha vez máis que xa se acordou que no punto de mocións urxentes se debatirían aquelas mocións que, de non debatirse nese momento, non se puideran debatir con posterioridade polo que anuncia que o voto do grupo socialista será tamén en contra pois a pesar de tratarse de dous temas importantes, podense tratar perfectamente polo procedemento ordinario.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a declaración de urxencia do debate e votación da moción presentada polo grupo político Alternativa dos Veciños en data 25/05/2021 (registro de entrada 2021/6094) relativa á solicitude de paralización do proxecto de ampliación do aeroporto de Alvedro, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: once (11), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Seijas González.

Abstencións: tres (3) dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a urxencia da moción.

C.I.F. P-1503100-H

10.- ROGOS E PREGUNTAS

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen que facer algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra o concelleiro do grupo político popular, Sr. Rico Vereá quen, unha vez concedido, di que desexa dicir algo pero no momento en que se apaguen os micrófonos.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que na sesión plenaria o que se ten que dicir ten que dicilo a micrófono aberto porque o pleno é público.

O Sr. Rico Vereá di que no pleno telemático pasado tivo que ausentarse un momento para ir ao baño e á súa volta a Sra. Pérez Mosquera, concelleira do grupo político do BNG, chamoulle a atención por ese motivo polo que quere que quede constancia de que ela non ten por que facer iso porque non é ninguén para reprocharlle a súa conduta.

A continuación solicita o uso da palabra a Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que na sesión plenaria á que se refire o Sr. Rico ela fixo un rogo, de conformidade co sentir do grupo político do BNG e en particular co seu sentir, referido a que nun pleno presencial ninguén se levanta, ninguén se move, e que hai formas e xeitos de estar nun pleno telemático, comentando que nesa sesión, na intervención dalgún voceiro e dalgunha voceira, había persoas, había concelleiros que se estaban movendo de despachos e ela o único que dixo e repite novamente é que o pleno do concello de Culleredo é o órgano colexiado máis importante e que están en representación dos veciños e veciñas; que por suposto se alguén ten un problema e se ten que levantar pode dicilo e levantarse pero no pleno telemático referido o que parecía é que había moitos concelleiros, sobre todo dun partido político, que se levantaban moitas veces e concretamente cando un determinado voceiro falaba; di que ela, como representante elixida polos veciños e votada polos veciños e veciñas do Concello de Culleredo, non pode permitir que o pleno do Concello se convirta nunha feira, e di que di isto con todo o respecto á feira, e solicita que tanto o Sr. alcalde como a Sra. Secretaria no momento en que vexan que non se cumpre co respecto que os veciños e veciñas do Concello merecen, o poñan de manifesto porque é importantísimo gardar as formas porque son concelleiros e concelleiras elixidas e porque lle teñen moito respecto ao Concello e o pleno é o órgano maioritario e hai que ter un respecto porque están aí porque foron elixidos; di que sinte moitísimo que se malinterpretaran as súas palabras porque ela o

Código do documento	Código do expediente
USG15I025Q	USG/2021/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
470Z 3A4Y 2T19 1T4B 0GXL	

que quixo dicir era iso, que o pleno non é un cachondeo e que cando un concelleiro ou unha concelleira ten que levantarse pode pedir un receso pero non movementos de concelleiros e concelleiras que indican unha falta de respecto polo pleno e polos veciños e veciñas que votaron e escolleron á Corporación que os representa, non sendo o seu rogo a ningún concelleiro ou concelleira en concreto senón á secretaria e á alcaldesa en funcións que nese momento estaban.

Responde o Sr. alcalde e di que efectivamente pódese facer un rogo e discrepar del porque iso é o que está a pasar, son dúas interpretacións totalmente distintas e aclara que non está prohibido levantarse ou ausentarse por calquera cuestión persoal que se presente sendo a consecuencia que no momento da votación iso contaría como abstención.

A continuación solicita o uso da palabra o Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que no pasado mes tiveron coñecemento da marcha dun clube de fútbol sala do Concello de Culleredo cara a outro concello da comarca, tratándose dun equipo deportivo que conta con logros e títulos nas competicións de fútbol sala e que ten traballado e demostrado o seu interese en seguir a traballar polo deporte de base, anteriormente no Concello de Culleredo e agora noutro concello; di que segundo palabras de representantes do dito clube, non contaron con apoio nin comunicación efectiva nin tan sequera coa empatía do goberno municipal e que fixeron esta pregunta na comisión informativa correspondente pero non contaban alí co concelleiro de deportes polo que agora preguntan se o goberno municipal tiña constancia do malestar deste equipo, se teñen contactado de forma proactiva cos seus representantes para coñecer das súas necesidades e se teñen tratado de resolver esta situación antes de que tivesen que chegar á decisión que tomaron de marchar do Concello de Culleredo para situarse nun concello veciño; di que o grupo político do BNG considera esta unha cuestión de importancia porque pensa que o deporte de base é un elemento fundamental dunha sociedade de benestar polo que lles gustaría coñecer as respostas e a opinión do equipo de goberno a este respecto.

C.I.F. P-1503100-H

Responde o concelleiro de Deportes, Sr. Suárez García, e di que dito clube decidiu marchar no mes de setembro e sen valorar o que fixeron na parte deportiva, di que son categoría senior, rapaces de máis de 18 anos, e cando eles fixeron a proposta de crear un clube e crear categorías se lles informou da dispoñibilidade que hai das instalacións porque o que non se pode facer é derruír un proxecto que xa está feito con outras entidades deportivas para darlles cabida a eles; que quere reseñar tamén que o Concello de Culleredo tivo nas súas actividades municipais fútbol sala e que desfixo esta actividade en prol doutras pola falta de demanda, considerando que esa foi a razón pola que buscaron outro concello porque eles querían medrar e ter categorías de base pero xa levaban tres anos, catro no clube, intentando facer traballos coas Anpas para conseguir actividades de fútbol sala sen conseguilo polo que o proxecto do clube consistiu sempre en que se lle deran horas de 6 a 8 da tarde nos pabellóns para poder facer categorías de base o que é inviable porque nesa franxa horaria están ocupadas e non se pode tentar a sorte e crer que se pode ter un futuro cando este xa existe, chámese balonmán, baloncesto, patinaxe ou escolas municipais; di que hai cinco instalacións municipais e que teñen 35 horas pero a franxa horaria que eles pretendían está copada ao 100%.

De seguido solicita o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu grupo ten varias cuestións ademais da presentada e que, en primeiro lugar, quere falar do que xa se falou anteriormente respecto a que Culleredo quere abandonar o Consorcio das Mariñas e que non vai presentar todo o que contén a moción pero si determinados aspectos porque o Sr. alcalde falou de pedir informes cando o certo é que xa se anunciou isto no 2018 dicindo que ía pedir informes e agora, tres anos despois, lanza de novo a noticia amparándose na suposta prudencia de que vai pedir informes, engadindo que se despois de tres anos aínda non conta con ditos informes isto indica que se anunciou antes de telos; que ademais quere invocar á prudencia porque hai un Concello ao que xa lle pasou como é o Concello de Arteixo, no que houbo unha liquidación de dous millóns e medio de euros que tivo que pagar ao Consorcio por marchar porque evidentemente hai unhas obrigas contraídas e no momento en que se marcha hai que liquidar e ao dito Concello a liquidación resultou con dita cantidade; que ademais disto é artificioso a suposta rebaixa no recibo de lixo e o que se fai é inxectar máis cartos para que o recibo aparente ser máis barato

Código do documento	Código do expediente
USG15I025Q	USG/2021/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
470Z 3A4Y 2T19 1T4B 0GXL	

pero ao final resulta pagado por todos; que de todos é sabido que o Concello de Arteixo ten un orzamento de case o dobre que o de Culleredo e non ten problemas de cartos pero ese non é o caso de Culleredo, que debería aproveitar para revisar e actualizar o impulso da área metropolitana e pedirlle á cidade da Coruña que a lidere, insistindo en que este tema se debería falar con máis abundancia e convocar un pleno extraordinario para iso e, dado que o Sr. Rioboo forma parte como alcalde do pleno do Consorcio, organismo que soamente reúne habitualmente aos alcaldes, que se celebre un pleno coa participación de todos os concelleiros dos concellos participantes do Consorcio; que isto xa se fixo no mes de xaneiro e que sería a maneira de expresar a vontade democrática dos reais participantes nese organismo.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que dará traslado do rogo do Sr. Chouciño Garrido e que se remite ás palabras que dixo anteriormente.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o seu grupo quere preguntar pola convocatoria que hai para listaxes de substitución de persoal funcionario interino para auxiliares administrativos que saíu publicada no BOP e que lle extrañou non ver as bases na publicación do BOP e que non se recollen os recursos e os prazos pertinentes como en todo acto administrativo; que unha vez que o souberon buscaron nas actas da Xunta de Goberno e xa viron como nunha delas están publicadas ditas bases e eses recursos e viron tamén os reparos de Secretaría que avisan de dúas cuestións de importante calado como son a base oitava que se entende que a oferta debe realizarse, ademais de por vía telefónica, por algún outro medio que permita acreditar de forma fehaciente a súa realización dándolles un prazo para manifestar o seu interese ou renuncia por escrito no prazo que se indique de forma que quede constancia fehaciente das renuncias pois a día de hoxe a xente que participa nestes procesos normalmente está a buscar traballo e coñece como funciona a Deputación e como funciona a Xunta ou o Sergas e se sorprende de que o Concello de Culleredo sexa unha excepción neste tratamento e indican como hai que facer para facelo ben; di que a segunda cuestión mencionada pola señora Secretaria no seu informe é respecto da puntuación das preguntas incorrectas pois non se sabe se existe penalización ou non e di que esas cousas hai que sabelas antes pois podería dar lugar a pensar que non hai transparencia e que non a haxa con algunha intención, rogando se corrixa estas dúas cuestións para que todo o mundo poida confiar neste proceso.

C.I.F. P-1503100-H

Responde a Sra. Figueroa Fuentes e di que supón que o Sr. Chouciño terá revisado o primeiro borrador que se propuxo e o segundo borrador que foi o que se aprobou atendendo a criterios marcados pola señora Secretaria no seu informe que aconsellaba sobre algunha cuestión e que, respecto de que as bases non recollen se as incorrectas puntúan negativo ou non, é porque non puntúan negativo: di que respecto da valoración das preguntas, outra das cuestións polas que o Sr. Chouciño pregunta, di que as bases recollen que "Este exercicio será obrigatorio e eliminador e será valorado de 0 a 10 puntos, sendo necesario para aprobar obter un mínimo de 5 puntos.", polo que se o exercicio conta con 30 preguntas haberá que ter 15 ben respondidas para obter un 5, o que non leva a ambigüidade.

De seguido fai uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido e di que el non mirou ningún borrador senón soamente a acta da Xunta de Goberno Local que está publicada na web do Concello, no apartado no que se publican as actas; que ben é certo que o Concello non fixo a publicación no BOP e por iso o mirou na Xunta de Goberno Local, deducindo que non hai correccións posteriores, e pregunta se houbo algunha corrección sobre o publicado.

Responde a Sra. Figueroa Fuentes e di que sobre esas bases fíxose un borrador inicial que foi o que se levou á Xunta de Goberno e atendendo ás indicacións da señora Secretaria no seu informe modificouse e o que resultou desa corrección foi o que se publicou, correxíndose en máis do 80% do exposto pola señora Secretaria municipal.

Intervén o Sr. Chouciño Garrido e di que el non se refire ao tanto por cento corrixido senón a esas dúas cuestións das que fala e que non foron atendidas e que teñen transcendencia.

Código do documento	Código do expediente
USG15I025Q	USG/2021/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
470Z 3A4Y 2T19 1T4B 0GXL	

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o seu grupo ten outro rogo é que é referido á reforma na rúa Ribados, e di que lle parece unha boa actuación a que alí se fixo como o ensanchamento das beirarrúas, e recomenda que se siga por esa vía pero indica que estas actuacións requiren de actividades complementarias pois aquela é unha zona de urbanización moi densa, cun problema de aparcamento importante e, aínda que se quixera resolver de forma privada, non habería na zona suficientes aparcamentos privados para dar cabida aos vehículos de toda a veciñanza desa zona porque é unha zona que medrou de forma desordenada no pasado e hai que buscar alternativas, recordando que hai tempo o equipo de goberno anunciou que negociaría con Audasa para utilizar os terreos anexos á autoestrada A9 para conseguir que alí se puidera aparcar, indo esa idea refrendada cunha infografía e do que non se soubo máis, e di que non sabe se o feito de que houbera unha infografía indica a existencia dun proxecto ou se simplemente supón que se encargara un debuxiño a alguén pero ben é certo que diso se falou e roga que se non pode ser aí que sexa noutro sitio pero que se teña en conta e comenta unha segunda proposta como é o aparcamento da Costa da Lonxa no que xa preguntaron noutras ocasións que pasa con dito terreo e xa hai tempo que se lles dixo que iso estaba xa finiquitado porque había unha sentenza que resolvía dunha vez por todas o que xa era antes, que era propiedade municipal, polo que o seu grupo propón e solicita que dito espazo sexa identificado e publicitado como aparcamento público e lle permita á xente que alí aparca ter garantías e saber que non aparca en zona que non sexa pública e se chama a Policía local porque se lles bloquea a saída do vehículo que non haxa problemas.

C.I.F. P-1503100-H

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que con respecto ao aparcamento en Costa da Lonxa vai haber tres actuacións unha promovida pola Deputación provincial, á marxe dese aparcamento do "Raxo", vanse crear en torno a 15 aparcamentos en batería fronte aos que xa existen en Costa da Lonxa; que o coñecido como aparcamento "do Raxo" di que esa é unha zona privada e que hai unha cesión do Concello atopándose o Concello en negociacións co propietario e existindo xa un pequeno anteprojecto de como vai quedar esa zona a efectos tamén de conseguir as autorizacións do Concello para transformar ese aparcamento nun aparcamento público e polo que respecta á parte traseira paralela á Ribados con acceso desde Costa da Lonxa esa é unha propiedade privada que non é de Audasa e que xa teñen autorización verbal de Audasa e o Concello está en negociacións coa dona do terreo para tentar de mercarlle esa zona e non ter que ir á expropiación e crear alí un aparcamento en toda a parte traseira da rúa Ribados que non vai poder ser xa de 130 prazas como querían senón de 100 polas aliñacións ás que obriga Audasa; di que se están a ter negociacións tamén cos propietarios de parte da parcela de Costa da Lonxa aos que se lles propuxo un aparcamento privativo para os clientes do seu negocio e parece que se vai chegar a un acordo; di que a previsión do equipo de goberno é poder incorporar en breve os remanentes, contando cunha estimación desas actuacións en torno aos 400.000 euros e o Concello pretende conseguir que a Deputación provincial, aparte de anchar a ponte... que xa está en estudio previo, pode financiar esa obra para complementar os aparcamentos que se puideran perder nesa zona; que no mesmo plan de mobilidade estase a facer unha enquisa e un estudo acerca de cantas prazas privadas de aparcamento hai no Concello para facer unha comparativa porque hai moitos veciños e veciñas que contan con garaxe aínda que moitas veces por comodidade aparquen fora; que estas son as actuacións iniciais que o goberno municipal ten pensado levar a cabo ao longo deste ano, estimando que o aparcamento de Costa da Lonxa, según lle dixeron ao Sr. alcalde, unha vez adxudicado podería estar realizado nun prazo de mes e medio polo que, se todo vai ben, conta con que antes de final de ano estean os dous construídos.

A continuación solicita o uso da palabra a Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo trae unha serie de preguntas relacionadas coa nota de prensa que saíu esta fin de semana en relación coa saída do Concello de Culleredo do Consorcio das Mariñas e saber en función da resposta do Sr. alcalde se isto foi un calentón co alcalde do Concello de Oleiros ou se ten unha base técnica na que os veciños se vexan realmente beneficiados e obteñan unha mellor calidade nos servizos que se prestan a través do Consorcio; di que lle gustaría saber se o prezo do servizo de recollida de lixo se vai manter ou se vai aumentar, saber se o modelo de xestión vai ser municipal ou a través dunha concesión e neste último caso se xa está redactado o prego e que informes técnicos hai, saber que vai pasar cos traballadores do Consorcio e tamén cos traballadores do Consorcio que non están na recollida do lixo, saber a onde se ten pensado enviar os residuos e se se van enviar á pranta de Nostión ou a

34 de 36

Código do documento	Código do expediente
USG151025Q	USG/2021/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
470Z 3A4Y 2T19 1T4B 0GXL	

Sogama e, caso de non envialos á pranta de Nostián, cal vai ser a viabilidade desta pranta e dos traballadores de Albada unha vez que deixen de contar cos residuos de Culleredo, saber como se van repartir as obrigas e os remanentes do Consorcio, saber a opinión da Secretaria de todo isto, cal é o importe do desembolso inicial para a compra de contedores, camións e todo o persoal que haberá que asumir; di que saír do Consorcio vai supoñer para Culleredo un traballo importante e acostumados ao que veñen vendo ao longo destes dous últimos anos, nos que non foron capaces de sacar os contratos que están pendentes, parece un pouco aventurado tomar esta decisión, polo que piden transparencia á hora de explicar os motivos polos que se toma esta decisión e non se ningunee á oposición que se ten que enterar por unha nota de prensa desta decisión.

Responde o Sr. alcalde e di que non sabe como saíu este tema nos medios de comunicación pois ningún membro do equipo de goberno filtrou absolutamente nada a ditos medios e o único que se fixo foi trasladar ao grupo de compañeiros e compañeiras a intención de deixar o Consorcio das Mariñas; di que respecto de manter o prezo da taxa é sabido que ditos servizos se teñen que autofinanciar cos recibos e as estimacións iniciais do equipo de goberno, cunha recadación en concepto de basura de 2.040.000 euros consideran que é suficiente para autoxestionar o servizo; que unha das bases do Consorcio non é disgregar o custo por concellos porque isto só xera agravios comparativos e o que se fai que que todos solidariamente fan a súa achega ao Consorcio das Mariñas a través dunta taxa unificada en todos os concellos e despois préstase o servizo sen pararse a valorar se prestar o servizo custa máis nun concello ou noutro; di que dos estudos feitos en Culleredo parece viable e rendible prestar dito servizo inclusive asociándoo, como se está a facer no Concello de Santiago, á limpeza viaria do Concello: di que el sempre mantivo a defensa dos traballadores, que están por riba de todo, e polo tanto subrogáranse os traballadores que se teñan que subrogar como se fixo no Concello de Arteixo; respecto dos técnicos puidera ser que continúen pero hai que analizar unha cuestión como é si as empresas, ás que tamén se lles vai esixir un determinado persoal administrativo, poderían subrogar a eses traballadores administrativos do propio Consorcio das Mariñas e engade que estas son cuestións xurídicas que teñen que decidir os técnicos correspondéndolle á señora Secretaria municipal velar e informar todas aquelas accións dos técnicos municipais e establecer o seu criterio; di que o modelo de xestión será unha concesión pois o Concello de Culleredo non conta coa capacidade económica coa que conta o Concello de Arteixo para realizar o servizo desa maneira concesionárase por un mínimo de 5, 10 ou 15 anos, o que se considere nas prescricións técnicas e económicas do prego; que respecto do verquido dos residuos di que neste momento se están a levar a Nostián e aclara que o propietario desta planta é o Concello da Coruña, sendo o resto de concellos clientes e cre que a propia administración autónoma está tratando de regular e legislar este tema ante a proliferación que hai tan acentuada de vertedoiros en diferentes puntos de Galicia e pensa que a intención de dita administración é que todo vaia a Sogama supoñendo que, caso de que todo vaia a esta pranta e haxa que cerrar outras como Nostián, subrogarán ao persoal desta pranta.

A continuación a Sra. García Gorostizu pregunta se a idea do Concello de Culleredo é continuar con Nostián ou trasladar xa os verquidos a Sogama.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que a idea do equipo de goberno é manter o verquido en Nostián pero que en función do modelo hai variacións porque por exemplo o modelo de Sogama fai que a recollida de lixo sexa máis económica pero tamén é certo que tal e como vai a lexislación en breve Culleredo terá que facer modificacións polo que hai que valorar e dependerá tamén se se fai en solitario o se chega a un acordo conxunto; di que respecto dos camións se hai que subrogar algún subrogarase e se non isto determinarase no propio prego cantos camións, varredoras, etc., farán falta para proceder á fusión do servizo; respecto das indemnizacións di que hai que recordar que o Consorcio das Mariñas lle esixía ao Concello de Arteixo en torno a tres millóns de euros e ao final deduciuse que pola liquidación e as achegas o Concello de Arteixo tería que recibir en torno a millón e medio ou dous millóns de euros e so recibiu 10.000 euros de indemnización, motivo polo que está nun contencioso-administrativo e aí será onde se dirima cal vai ser a cantidade e servirá tamén de precedente para ver como se van resolver estas cuestións; di que os técnicos municipais teñen unha reunión a próxima semana no servizo de contratación coa propia xerencia do Consorcio das Mariñas para ir conformando todo o anuncio e se en boa lóxica a mancomunidade retoma o

Código do documento	Código do expediente
USG15I025Q	USG/2021/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
470Z 3A4Y 2T19 1T4B 0GXL	

consenso para a prestación dun servizo conxunto sen que haxa problemas de que mancomunar e a área metropolitana é algo que estivo sempre dentro dos seus obxectivos como político e como alcalde.

A continuación a Sra. García Gorostizu pregunta polo padrón de basura.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que Culleredo recauda entre 2.010.000 e 2.040.000 euros, unha cifra considerable.

De seguido a Sra. García Gorostizu di que o seu grupo ten outro rogo, referido á DP 3107, unha das rúas de maior valor histórico de Culleredo, formada pola rúa Souto e a avda. de Rutis que serven de nexo de unión coa zona de Acea de Ama e son acceso ao colexio e ao Olímpico de Rutis, ao centro médico ou a un dos supermercados; que a rúa de Souto e a avda. de Rutis presentan un pavimento en mal estado, con adoquíns soltos, deficiente iluminación e unha zona de contedores que amosan suciedade e abandono; que ven perigoso transitar por esas rúas, sen beirarrúas nin marxes que respecten os vehículos o que desmerece unha zona que debería ser para uso e disfrute dos peóns favorecendo a súa seguridade impedindo que os vehículos estacionen de forma caótica complicando o paso e máis aínda se un pretende ir por estas vías cunha cadeira de rodas ou un carrito de bebé; que a avda. de Rutis presenta ademais en parte do seu tramo maleza que invade a estreita beirarrúa, obrigando ao peón a facer da súa circulación unha pista de obstáculos e tamén dentro do trazado desta vía hai que destacar as prazas de aparcamento de minusválidos diante do novo colexio que como vén sendo habitual nas construcións do Concello de Culleredo non cumpre tampouco a normativa de accesibilidade; que por todo o exposto o seu grupo roga que se inste á Deputación ao arranxo destas vías que son da súa titularidade para maior benestar dos veciños de Vilaboa.

C.I.F. P-1503100-H

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o equipo de goberno mantivo unha reunión cos técnicos da Deputación provincial e acordouse o arranxo de diferentes rúas do Concello de Culleredo a través de convenios de cesión aos que se está tratando de chegar; que posiblemente unha das rúas que vai ceder a Deputación ao Concello sexa a avda. de Rutis pero mentres isto non se faga trasladará o seu rogo tan acertado á Deputación; que polo que respecta a Souto e toda esa zona que a Sra. García Gorostizu indica di que o Concello ten esa forma de adoquín que ás veces dificulta o paseo e que o equipo de goberno tiña pensado unha actuación para dita zona pero recentemente chegou ao Concello unha solicitude de licenza para unha obra na finca de Villa Celina que é precisamente nesa zona polo que se está a valorar se se van dar os permisos para esa obra porque xa terían que urbanizar toda esa zona e o que faría o goberno municipal sería transformar o proxecto que tiña Culleredo que lle ía custar aproximadamente 150.000 euros a simplemente atender ás pequenas necesidades urxentes pois non tería sentido investir dita cantidade cando dentro duns meses está previsto que se faga unha obra desa magnitude con edificios a diferentes alturas que considera van dar unha visión distinta de toda esa zona e van contribuír á mellora e arranxo de rúas como se indicou no anteprojecto.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e corenta e tres minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)